



698 12 72 41



## Os portavoces socialistas de Piñor, San Amaro e O Irixe denuncian a "desastrosa xestión da Mancomunidade de Concellos"

 20, Decembro 2018 Cope Carballiño [f](#) [t](#) [w](#) [p](#)


Os portavoces socialistas nos concellos de Piñor, San Amaro e O Irixe protagonizaron unha comparecencia conxunta ante os medios na que puxeron de manifesto "graves deficiencias no funcionamento da entidade supramunicipal que agrupa, na actualidade aos tres citados concellos, ademais dos de Boborás e Beariz, nestes últimos o PSOE non conta con representación nas súas respectivas corporacións.

Os socialistas aseguran que de forma habitual prodúcese atrasos no pago das nóminas ao persoal da Mancomunidade, unha situación que xa foi tamén denunciada públicamente polos propios traballadores no transcurso dos últimos días, e mesmo falan de "discriminación entre traballadores, porque unhos cobran antes ca outros".

A deficiente xestión na Mancomunidade tamén afecta aos provedores "con moitos impagos e inculplindo sistemáticamente os prazos de pagamento", denuncian os socialistas.

Culpan directamente ao Presidente da entidade intermunicipal, Manuel Cerdeira, que ademais é tenente de alcalde no concello do Irixe, de levar á Mancomunidade a ser "un chiringuito con finalidades electoralistas, cun gran aumento na plantilla de traballadores durante o actual mandato, case todos eles do Irixe, o que agocha unha estratexia electoral cara os comicios municipais", dixo Iago Fariñas, portavoz socialista no Irixe.

"Hai xente en Piñor que non recibe o servizo de axuda no fogar, a pesar de que hai horas libres sobrantes, queremos saber as razóns", subliñou Francisco Fraga, que calificou como de moi deficientes os servizos que presta a Mancomunidade aos concellos "ademais de moi custosos".



698 12 72 41



### RADIO EN DIRECTO

[COPE CARBALLIÑO EN DIRECTO](#)
[ABRIR NUNHA NOVA FIESTRA](#)
[ENLACE DIRECTO](#)

### TEMPO

#### O Carballiño

 Hoxe, 24. Decembro 2018  
 10:00-12:00

 Parcialmente nuboso  
 7 °C

 Mañá, 25. Decembro 2018  
 12:00-18:00

 Nuboso  
 11 °C

 26. Decembro 2018  
 12:00-18:00

 Razoable  
 10 °C

O tempo na Cope Carballiño datos obtidos de yr.no

### CURTAS

NADAL MUSICAL NO CONCELLO DE CEA:  
 O DOMINGO DIA 23 DE DECEMBRO ÁS 17 HORAS NO CENTRO MULTIUSOS:  
 PANXOLIÑAS CO CORO DE CEA E CAMERATA AURIENSE.

Os socialistas anunciaron unha serie de iniciativas de control na xestión da Mancomunidade "para que respecten os nosos dereitos de acceso á información", concluíron.

CONCERTO DE NADAL DA ESCOLA DE MÚSICA DE BOBORÁS, O SÁBADO 22 DE DECEMBRO ÁS 6,30 DA TARDE NA IGREXA PARROQUIAL DE XUVENCOS.

CONCERTO DE NADAL DA CORAL POLIFÓNICA DO CASINO DO CARBALLIÑO E A BANDA DE MÚSICA DE VILATUXE, SABADO 15 DE DECEMBRO AS 8 DA TARDE, GRATUÍTO, NO AUDITORIO DO CARBALLIÑO

FESTA DO VIÑO NOVO DE CABANELAS: DOMINGO 25 DE NOVEMBRO, AMENIZADA POLA CHARANGA CASTRO BELLO, DEGUSTACIÓN DE VIÑO NOVO E CASTAÑAS E XANTAR POPULAR ÁS 14 HORAS CON PULPO, CHOURIZOS CON CACHELOS, CARNE COCIDA, E POSTRES.

FESTA DOS COGUMELOS DE SOUTELO DE MONTES, O DOMINGO 4 DE NOVEMBRO. ANDAINA, EXPOSICIÓN E VENDA DE PRODUCTOS DA TERRA, E POR 8 EUROS UN MENÚ CON 3 PRATOS A BASE DE COGUMELOS: EN EMPANADA, CON CALLOS, E ARROZ CON XABARÍN, OS NENOS GRATIS.

FESTA DOS CALLOS DO CONCELLO DE PIÑOR, O DOMINGO 7 DE OUTUBRO ÁS 2 DA TARDE NO CAMPO DA FESTA DE ARENTEIRO: EMPANADA, LACÓN ASADO, CALLOS, PAN VIÑO E POSTRES, POR 15 EUROS. MÚSICA EN DIRECTO E CONCENTRACIÓN DE MOTOS CLÁSICAS.

ANDAINA E TRAIL DO OUTONO DO CONCELLO DE PIÑOR: DOMINGO 30 DE SETEMBRO CON SAÍDA ÁS 10 DA MAÑÁ DENDE O CAMPO DA FESTA DO POBO DO ARENTEIRO E UN RECORRIDO DE 13 KILÓMETROS POLOS SENDEIROS DO MUNICIPIO.

ROMARIA DA SALETA EN ASTURESES: DIA 18, BAIXADA DA VIRXEN ÁS 18:30 HROAS, VERBENA E CEA POPULAR. DIA 19: MISAS DENDE AS 8,30 HORAS E SOLEMNE ÁS 13 HORAS, XANTAR CAMPESTRE CON MÚSICA TRADICIONAL, FESTA E VERBENA CON ECLIPSE E LA OCA BAND.

FESTAS DE SAN RAMÓN NO CARBALLIÑO, OS DIAS 30 E 31 DE AGOSTO: PASARRÚAS COS 3 GALEGUIÑOS, ACTIVIDADES INFANTÍS E VERMENAS O DÚO ARUME, E OS TRIO AZAR E XTRA.

FESTAS DE SAN VITORIO EN MASIDE, OS DIAS 27 E 28 DE AGOSTO: PASARRÚAS E CONCERTOS DAS BANDAS DE MÚSICA "A LIRA" E O CARBALLIÑO, E VERBENAS COAS ORQUESTRAS FIN DE SIGLO E EL COMBO DOMINICANO, MIRAMAR E PARIS DE NOIA.



WhatsApp

698 12 72 41

